



CEIP Condessa de Fenosa

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2015-2016



1	Índice paxinado	
2	Introdución e contexto	1
3	Vinculación entre obxectivos, secuencias e distribución temporal de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.	2
4	Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos	17
5	Procedemento para a avaliación inicial	17
6	Procedemento de avaliación continua	17
7	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes	18
8	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	19
9	Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica	20



Introdución e contexto:

O Ceip Condessa de Fenosa está situado no Barco de Valdeorras, no oriente ourensán, ocupando a cabeceira da comarca de Valdeorras. No concello, a actividade económica agrícola (viticultura) tradicional, veuse superada dende hai bastantes anos pola produción de lousa nas distintas canteiras dos concellos lindeiros e polo sector de servizos, contando cun Hospital Comarcal, Centros de estudos, Delegación de Facenda, Xulgados, etc...

A crise económica determinou a redución do número de alumnado inmigrante, que non hai moito tempo era relevante, e a aparición de carencias económicas no alumnado superando amplamente ás que había noutrora.

O centro educativo, tal e como reflicten os seus documentos, aposta definitivamente por varios eixos de traballo que se artellan ao redor do Equipo da Biblioteca, da Axenda 21, do Equipo de Normalización Lingüística e da promoción das TIC.

Así a promoción da lectura, a alfabetización en información, o compromiso ambiental, os hábitos saudables, a dotación en medios técnicos suficientes, a creación de recursos innovadores na nosa lingua, o coñecemento respecto e valoración do noso patrimonio cultural e o desenvolvemento dun espírito crítico, colaborativo e solidario son o cerne das actividades que se desenvolven dentro e fóra das nosas aulas.

Outro dos aspectos dignos de ter en conta é o da integración: o noso centro é o centro de referencia para a integración de alumnado con necesidades educativas específicas da comarca, e isto non por designación oficial, senón pola aposta decidida de todos os membros da comunidade educativa de promover a integración, convencidos de que é un factor necesario para crearmos unha sociedade máis xusta e solidaria, e ao tempo un elemento enriquecedor para todo o alumnado.

Así pois nas nosas aulas dispoñemos de medios tecnolóxicos, creamos recursos que compartimos na rede, promovemos o uso do noso idioma, fomentamos o respecto á natureza, establecemos lazos de solidariedade entre os membros da comunidade e de fóra dela, somos respectuosos con outras culturas, normalizamos e dinamizamos o noso idioma, valoramos as diferencias dentro dun trato equitativo, entendemos a diversidade como riqueza...

Pero non todo é perfecto, hai eivas no centro que pasan pola escaseza de profesorado, esgotadoras esixencias burocráticas que minguan o traballo educativo, nalgúns casos falla de apoio dende as familias...

En resumo o Ceip Condessa de Fenosa ten como obxectivo fundamental promover o desenvolvemento integral do seu alumnado, fomentando valores solidarios, de respecto e coidado do contorno natural e cultural, fomentando o traballo en equipo, colaborativo, no que se respecten as diferencias de cada quen... Nas verbas de A. Machado, queremos que os nosos alumnos e alumnas sexan, no bo sentido da palabra, bos.

– Área de Valores sociais e cívicos.

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para que as persoas poidan exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social. De aí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, consonte valores cívicos socialmente recoñecidos.

A área Valores sociais e cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse plenamente nas súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir



unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e implicada na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición de competencias sociais e cívicas –persoais, interpersoais e interculturais– para participar dunha maneira eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

A proposta desta área, formar ás persoas desde o inicio da educación primaria na reflexión e a vivencia de valores, responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado, fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos. Deste xeito, enriquecéanse as experiencias sociais dos alumnos e das alumnas, tendo en conta que viven en sociedade mentres se forman e que as vivencias compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

A área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativas á dignidade persoal, ao respecto aos demais e aos valores sociais na convivencia. En primeiro lugar, o propósito é que cada alumno e cada alumna adquiera as competencias necesarias para construír un autoconceito axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Unha vez elaborada a súa identidade persoal, o neno e a nena están preparados para recoñecer o outro ou outra. Por iso, indúcese á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas e propóñense elementos relacionados coas habilidades necesarias para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Unha vez que as persoas somos quen de coñecernos e aceptarnos á vez que comprendemos e respectamos os demais, podemos asumir a complexidade da convivencia social. Neste momento, estímúlanse actitudes que propician a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade de acordo cos valores, dereitos e deberes do Estatuto de Autonomía de Galicia e da Constitución Española.

Neste sentido, favorécese a comprensión dos principios de xustiza, liberdade e seguridade, sobre os que se asenta a garantía da convivencia democrática, a promoción do progreso da cultura e da economía, así como o establecemento e a colaboración no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da terra.

Desta maneira oriéntase aos alumnos e ás alumnas para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Valores sociais e cívicos contribúe a que o alumnado mellore a súa competencia para aprender e ter iniciativa, estimulando a motivación, o esforzo e as capacidades de reflexión, síntese e estruturación. Axúdaos a enfrontarse aos problemas, experimentar e realizar proxectos en equipo, traballar de forma independente, tomar decisións e xerar alternativas persoais.

A metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

O ensino da área require que o profesorado estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.



Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

Para facilitar a concreción curricular establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global tendo en conta as conexións internas tanto a nivel de curso como ao longo da etapa. As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado —xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial— para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

Finalmente, mediante a toma de decisións baseadas en xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración, contribúese á adquisición das competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.



Vinculación entre obxectivos, secuencias e organización temporal de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Competencias Clave:

1º. Comunicación lingüística (CCL). – 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). – 3.º Competencia dixital (CD). – 4º. Aprender a aprender (CAA). – 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC). – 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). – 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Comprender a relación entre pensamentos e emocións.
- d) Aprender a controlar as propias emocións.
- e) Analizar diferentes tipos de emocións: respecto, solidariedade, empatía, resiliencia...
- f) Aprender a dialogar e a compartir as propias ideas e pensamentos con outras persoas.
- g) Respectar as diferenzas entre as persoas.
- h) Coñecer as diferentes formas de pensar e de actuar.
- i) Asumir o diálogo como a mellor forma de comprender aos demais.
- k) Aprender a cooperar e a xestionar un traballo en equipo valorando as calidades de cada membro do grupo.
- l) Reflexionar sobre a importancia de ter unha actitude xenerosa e solidaria.
- m) Aprender a valorar criticamente as actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- n) Tomar conciencia da responsabilidade que temos todas as persoas no respecto e o coidado do medio ambiente.



VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 4º Curso

1ª Avaliación- A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

Obx	Contidos	Criterios Av.	Estándares	Grao Consecución	CC	Elementos Transversais	Instrumentos Avaliación	Criterios cualificación (%)
m k	<p>B1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.</p> <p>B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva</p>	<p>B1.1. Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconceito</p>	<p>VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas.</p>	<p>Expresa oralmente algunha característica da súa personalidade e.</p>	<p>CSC CCL</p>	<p>Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación</p>	<p>Escala de observación Diario de clase</p>	2
			<p>VSCB1.1.2. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.</p>	<p>Expresa sentimentos de xeito constructivo</p>	<p>CSC CCL CAA</p>	<p>Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación</p>	<p>Escala de observación Diario de clase</p>	2
m	<p>B1.3. O autoconceito. A autovaloración; os trazos de</p>	<p>B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na</p>	<p>VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso</p>	<p>Móstrase tolerante e respetuoso</p>	<p>CSC CCL</p>	<p>Educación cívica. Valores:</p>	<p>Escala de observación Diario de</p>	2



	personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo	respectabilidade e na dignidade persoal	respecto a un mesmo e ás demais persoas.	coas diferenzas.	CSIEE	igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	clase	
			VSCB1.2.2. Actúa de forma respectable e digna.	Móstrase tolerante e respetuoso coas diferenzas.	CSC CSIEE	resolución pacífica de conflitos,	Escala de observación Diario de clase.	2
m a	B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. B1.5. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.	B1.3. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva	VSCB1.3.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.	Participa activamente nas dinámicas de grupo.	CAA	Educación cívica	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB1.3.2. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade.	Establece lazos afectivos e de amizade	CAA	Educación cívica	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB1.3.3. Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a	Comparte proxectos, xogos e recoñece as	CSC CSIEE	Educación cívica	Escala de observación. Diario de clase.	2



			resolución de conflictos, de xeito guiado.	actividade de grupo como enriquecedoras e significativas.				
			VSCB1.3.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	Interactua cos demais con actitude positiva e aberta.	CSC CSIEE CCL	Educación cívica	Escala de observación. Diario de clase.	2
m b	B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ás demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora.	B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos	Da e recibe axuda cando é preciso.	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	Comparte puntos de vista e sentimentos.	CSC SIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade,	Escala de observación. Diario de clase.	2



						resolución pacífica de conflictos, liberdade, non discriminación		
			VSCB1.4.3 Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	Asume as normas do traballo en equipo.	CSC CAA CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
m	B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.	B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.5.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.	Reparten tarefas de modo lóxico e positivo.	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB1.5.2. Emprega estratexias para facer fronte á	Elabora normas de aula e asume o	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade,	Escala de observación. Diario de clase.	2



			incerteza, ao medo ou ao fracaso.	compromiso de cumprilas.		equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación		
a	B1.8. A iniciativa. A automotivación. A autoproposta de desafíos.	B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.	Respecta as normas de convivencia do centro.	CSIEE CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB1.6.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.	Resolve os conflitos con axuda a través do diálogo e de xeito construtivo.	CSC CSIEE CCEC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB1.6.3. Define e formula claramente	Usa unha linguaxe positiva e	CSC CCL	Educación cívica. Valores:	Escala de observación. Diario de	2



			problemas de convivencia.	respectuosa.		igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	clase.	
b	B1.9. A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias. A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	VSCB.1 7.1.Sopesa as consecuencias das súas accións.	Analiza as causas e consecuencia dun conflito con axuda dun adulto.	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.	Expresa oralmente algunha característica da súa personalidade e	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2



2ª AVALIACIÓN: A COMPREENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

Obx	Contidos	Criterios Av.	Estándares	Grao Consecución	CC	Elementos Transversais	Instrumentos Avaliación	Criterios cualificación
m	B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos.	B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.	Expresa sentimentos de xeito construtivo	CCL CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos	Constrúe un autoconcepo positivo respecto a si mesmo e ás demais persoas.	CCL CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación	Toma decisións de xeito autónomo	CCL CAA CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade,	Escala de observación. Diario de clase.	2



			coa non verbal en exposicións orais	aplicando o autocontrol.		equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación		
			VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.	Expresa as súas emocións de xeito oral e por escrito.	CCL CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
b	B2.2. A comunicación receptiva. A escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.	Realiza actividades cooperativas respectando os compañeiros e compañeiras.	CSC CCL	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB2.2.2. Realiza actividades cooperativas	Traballa en equipo con esforzo por	CCL CSC CSIEE	Educación cívica. Valores:	Escala de observación. Diario de	2



			detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	acadar logros		igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	clase.	
			VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas	Comparte tarefas e asume responsabilidades	CAA CSIEE CSC CCL	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
c m e	B2.3. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación e recoñecemento de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.	B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar	VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.	Reflexiona sobre o seu traballo recoñecendo os aspectos positivos e os mellorables	CCL CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB2.3.2. Amosa	Asume que	CCL	Educación	Escala de	2



		barreiras e os que permiten lograr proximidade	interese polos seus interlocutores.	non todo sae ben á primeira e que debe ser tolerante á frustración e perseverante na execución de tarefas.	CSC	cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	observación. Diario de clase.	
e m	B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas e opinións.	Resolve problemas de xeito autónomo e creativo.	CCL CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.	Identifica e evita problemas de convivencia.	CCL CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de	Escala de observación. Diario de clase.	2



						conflictos, liberdade, non discriminación		
m	B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo.	B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	VSCB2.5.1. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	Asume a responsabilidade das súas accións e as consecuencias delas.	CCL CSC CAA	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
c m	B2.6.A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.	B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais	Expresa con claridade respecto opinións, sentimentos e emocións.	CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades grupais e reflexiona sobre a súa contribución á	Usa os elementos de comunicación verbal e non verbal	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución	Escala de observación. Diario de clase.	2



			cohesión dos grupos sociais aos que pertence.			pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación		
a o	B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. B2.8 A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.	B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais	Expón con claridade e respecto os seus argumentos	CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.	Escoita sen interromper e con atención.	CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
c m	B2.9 As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e	B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes	VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	Colabora en debates respectando as normas.	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade,	Escala de observación. Diario de clase.	2



	sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	cooperativas e establecendo relacións respectuosas.				resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación		
			VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	Utiliza elementos de comunicación que favorecen o diálogo.	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2

3º AVALIACIÓN: A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

Obx	Contidos	Criterios Av.	Estándares	Grao Consecución	CC	Elementos Transversais	Instrumentos Avaliación	Criterios cualificación
b m	B3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro,	B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e	VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración	Mostra interese pola opinión dos demais	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos,	Escala de observación. Diario de clase.	2



	ao compartir puntos de vista e sentimentos.	sentimentos.				liberdade, non discriminación		
			VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	Mostra interese pola opinión dos demais	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
b	B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración.	B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1. A moza boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	Expresa as súas ideas empregando estratexias de comunicación construtivas.	CAA CSIEE CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2



Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos B3.3. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa					ción		
	VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.	Usa unha linguaxe positiva	CAA CSIEE CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2	
	VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	Enriquece os argumentos propios coa achega dos compañeiros	CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2	
VSCB3.2.4. Emprega destrezas	Uso de habilidades	CSC CSIEE	Educación cívica.	Escala de observación.	2		



			de interdependencia positiva.	sociais básicas: empatía: atención, escoita activa	CAA	Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Diario de clase.	
a	B3.4. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.	B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais	VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social	Participa en actividades grupais.	CCL CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula	Móstrase tolerante e respectuoso coas diferenzas.	CCL CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade,	Escala de observación. Diario de clase.	2



						resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación		
			VSCB3.3.3. Respeita as normas do centro escolar	Recoñece as calidades e valores dos compañeiros	CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
c m	B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da	B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade,	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.	Participa activamente nas dinámicas de grupo	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de	Escala de observación. Diario de clase.	2



	mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.	coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.				conflitos, liberdade, non discriminación		
			VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	Establece lazos afectivos e de amizade.	CCL CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.	Establece relacións de confianza e colaboración.	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non	Escala de observación. Diario de clase.	2



						discriminación		
a	B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.	VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia	Comparte proxectos, xogos e recoñece as actividades de grupo como enriquecedoras e significativas.	CSC CCL	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.	Interactúa cos demais con actitude positiva e aberta.	CSC	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB3.5.3. Razona	Da e recibe	CSC	Educación	Escala de	2



			as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.	axuda cando é preciso.	CSIEE	cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	observación. Diario de clase.	
a d	B3.7. Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais. B3.8. Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación. B3.9. Realización e	B3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.	VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.	Traballa en parella.	CSC CCL	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
			VSCB3.6.2. Razona a valoración de situacións reais expostas en	Comparte puntos de vista e sentimentos.	CSC CD CCL	Educación cívica. Valores: igualdade,	Escala de observación. Diario de clase.	2



	interpretación de gráficos sinxelos		internet, en relación aos dereitos da infancia.			equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación		
			VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.	Asume as normas do traballo en equipo	CSC CCEC CCL CD CMCT CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
d m	B3.10. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica	B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade e nas tarefas	VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a	Reparten tarefas de modo lóxico e positivo.	CSC CCL	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica	Escala de observación. Diario de clase.	2



	<p>igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.</p>	<p>domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.</p>	<p>corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.</p>			<p>de conflitos, liberdade, non discriminación</p>		
			<p>VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.</p>	<p>Elabora normas de aula e asume o compromiso de cumprilas.</p>	<p>CD CCL CCEC CSIEE</p>	<p>Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación</p>	<p>Escala de observación. Diario de clase.</p>	<p>2</p>
h o	<p>B3.11. A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida</p>	<p>B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias</p>	<p>VSCB3.8.1. Amonesta o interese pola natureza que o rodea e síntese a parte integrante dela.</p>	<p>Resolve os conflitos con axuda a través do diálogo e de xeito construtivo</p>	<p>CSC</p>	<p>Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade,</p>	<p>Escala de observación. Diario de clase.</p>	<p>2</p>



saudables					non discrimina ción		
	VSCB3.8.2. Razoas os motivos da conservación dos bens naturais.	Participa en diferentes tipos de actividades independent emente do seu sexo.	CSC CCL	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflictos, liberdade, non discrimina ción	Escala de observación. Diario de clase.	2	
	VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.	Identificación de actitudes que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflictos, liberdade, non discrimina ción	Escala de observación. Diario de clase.	2	



n	B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.	B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico	CSC CSIEE	Educación cívica. Valores: igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación	Escala de observación. Diario de clase.	2
---	---	---	---	--	--------------	---	---	---

Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.

Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais.

O desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave.

Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real.

Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas.

Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva.



A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

Procedemento para a avaliación inicial.

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos.

A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula.

Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

Procedemento de avaliación continua.

Como se desprende dos instrumentos de avaliación que se mostran na programación do curso, a avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a observación das realizacións do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través da análise das súas producións, do seu caderno de clase...

Tamén se empregarán rúbricas, listas de observación e de verificación para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				



Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Cando comezamos unha actividade nova os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes				
Propoño metodoloxías diversas				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)		%
	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
Gran grupo		
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		
Dou pautas de actuación ás familias para que traballen na casa consonte a metodoloxía seguida na clase.		

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.



Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais.

Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

Aspectos da revisión, avaliación e modificación da programación	1	2	3	4
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados				
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa				
Medidas de atención á diversidade: Contempláronse medidas para alumnado con neae				
Medidas de atención á diversidade: Fixéronse ACs no caso de estar autorizada				
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				



Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino				
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado				
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe.				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados				
Os estándares imprescindibles están identificados				
Hai información de abonda ás familias e ao alumnado de estándares imprescindibles, criterios de cualificación				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas				
Coordinación entre o equipo didáctico				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas				
Tratamento preciso dos temas transversais				
Actividades extraescolares e complementarias				